

DULCE M<sup>a</sup> GARCÍA MELLA, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno, na sesión ordinaria celebrada o 23 de xullo de 2021, acordou propoñer ao Consello Social a aprobación das tarifas aplicables ao servizo de limpeza de edificios e locais da USC para os encargos realizados á Fundación Universidade de Santiago de Compostela M.P., nos termos do documento adxunto.

E para que así conste, asino a presente certificación en Santiago de Compostela, co V<sup>o</sup> e Prace do sr. reitor.

V<sup>o</sup> e prace

O reitor

Antonio López Díaz

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

## ACORDO DE CONSELLO DE GOBERNO DO 23 DE XULLO DE 2021 POLO QUE SE APROBA A PROPOSTA DE TARIFAS APLICABLES AO SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E LOCAIS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA OS ENCARGOS REALIZADOS Á FUNDACIÓN USC M.P.

Limiar

O servizo de limpeza de edificios e locais da Universidade de Santiago de Compostela préstase actualmente a través de dous contratos coas empresas CLECE e San Froilán en Santiago de Compostela e Lugo, respectivamente.

Ambos os dous se atopan prorrogados ata o 31 de agosto de 2021, con prórrogas sucesivas desde mediados de 2018 logo de quedar deserta a última licitación publicada pola Universidade de Santiago de Compostela. A prórroga inicial realizouse co obxecto de realizar un estudo das opcións da institución para poder prestar o servizo de xeito economicamente viable, tendo en conta a situación financeira da Universidade, baixo os principios de eficacia e eficiencia.

Con ese fin, encargáronse estudos técnicos e xurídicos para a toma de decisións por parte da Universidade, tendo en conta que, por mandato estatutario, a fórmula con carácter xeral de prestación dos servizos é a súa xestión directa:

*“Artigo 148*

*1. A Universidade asumirá, con carácter xeral, a xestión directa dos seus servizos. Poderán aplicarse as formas de xestión indirecta ou a prestación dos servizos a través de sociedades mercantís ou outros entes de dereito privado na xestión daqueles servizos de carácter complementario ou instrumental.*

*2. Naqueles casos en que a Universidade opte pola prestación dos seus servizos en réxime de xestión indirecta ou en réxime de dereito privado, deberá garantirse que estes se presten en condicións vantaxosas para os usuarios e coas máximas garantías de calidade.*

*Para estes efectos, estableceranse comisións de seguimento e control con participación dos usuarios e dos distintos sectores da comunidade universitaria.”*

A irrupción da pandemia por SARS-CoV-2 en marzo de 2020 pospuxo o cambio de modelo, previsto nese momento para o mes de agosto de 2020, e comprometido tanto a través do orzamento da Universidade de Santiago de Compostela como no Plan Económico-Financeiro 2019-2020 presentado e aprobado pola Consellería de Facenda en 2019, debido ao peche de contas de 2018 en situación de déficit e que, pese a que na actualidade as regras fiscais se atopan suspendidas, debe ser obxecto de cumprimento procurando a redución do gasto corrente.

Entre os pasos levados a cabo, o máis significativo é a constitución da antiga Fundación USC Deportiva en medio propio da USC, coa autorización do Consello de Goberno da USC celebrado o 27 de decembro de 2019, e que se materializou a través da

modificación dos seus Estatutos, elevados a escritura pública o día 24 de xaneiro do 2020 e autorizados polo protectorado de Fundacións da Xunta de Galicia mediante resolución de 10 de febreiro do 2020.

A Fundación Universidade de Santiago de Compostela Medio Propio (en adiante, Fundación USC M.P.) ten, de conformidade co artigo 6 dos seus Estatutos, *“como finalidade de interese xeral colaborar na promoción e desenvolvemento dos fins propios da Universidade de Santiago de Compostela, contribuíndo a exercer con eficacia e eficiencia as funcións que a institución ten asignadas, así como a promoción, incentivo e desenvolvemento da actividade físico – deportiva preferentemente na Comunidade Autónoma Galega.”*

Por maior abastanza, no mesmo artigo descríbense como fins propios, entre outros, o seguinte:

*“1. Prestar os servizos que sexan necesarios para que a Universidade realice as súas funcións básicas e que non supoñan o exercicio da función de autoridade.*

*2. Colaborar coa Universidade de Santiago de Compostela no desenvolvemento e xestión daquelas actividades que contribúan a unha mellor asistencia á comunidade universitaria.*

*3. Canalizar, a través dos instrumentos oportunos, a cooperación entre a Universidade, os axentes económicos e entidades e institucións de calquera natureza.”*

Por Resolución reitoral do 7 de maio de 2021 formalizouse o encargo de xestión da Universidade de Santiago de Compostela á Fundación Universidade de Santiago de Compostela M.P. para a execución das actuacións necesarias para iniciar o proceso de cambio de modelo do servizo de limpeza de edificios e locais da USC co obxecto de levar a cabo os traballos preliminares para o futuro encargo do servizo á propia Fundación.

Entre eses traballos preliminares atopábase a negociación co persoal que presta o servizo a través dos contratos actuais antes mencionados, tendo en conta a obriga de subrogación que operará no cambio do modelo de xestión de acordo co previsto nos convenios colectivos do sector, e que constitúe a garantía de que a Fundación conte cos medios necesarios para a limpeza de edificios e locais da Universidade.

A capacidade da Fundación para a prestación de servizos de carácter xeral está acreditada a través de encargos anteriores, como o realizado por razóns de urxencia o 6 de outubro de 2020 para a xestión da Oficina COVID da USC, xestión realizada de forma eficaz e eficiente como acreditan as contas anuais da Fundación aprobadas en situación de superávit, correspondentes ao ano 2020, e aprobadas en Consello de Goberno o 25 de xuño de 2021 e no Consello Social do 30 de xuño de 2021.

No relativo ás encargas e á competencia para a súa adopción, o artigo 32 da Lei de contratos do Sector público non contempla regras aplicables ao ámbito universitario.

O artigo 23 da Lei orgánica de Universidades atribúe como competencia propia da xerencia a xestión dos servizos administrativos e económicos da universidade. Esta atribución é reproducida polos artigos 90 e 91 1.a) dos vixentes Estatutos da USC. Porén, debe terse presente que a vixente delegación de competencias establecida mediante Resolución reitoral do 30 de abril do 2020 non menciona expresamente as encargas, polo que hai que entender que a competencia de autorizar encargas é retida polo reitor, de conformidade co artigo 20 da Lei orgánica de Universidades que dispón no apartado 1 *in fine* “*Le corresponden cuantas competencias no sean expresamente atribuidas a otros órganos*”, e que contempla de idéntica forma no artigo 85 m) dos Estatutos da USC “*Calquera outra función que lle atribúan a lexislación universitaria e os presentes estatutos e, en xeral, aquelas funcións que non estean expresamente atribuídas a outros órganos da Universidade.*”

Sen prexuízo do encargo que deba formalizarse por resolución reitoral no seu momento cómpre, previamente, de conformidade co artigo 32 da Lei de contratos do Sector público e co artigo 3 dos Estatutos da Fundación USC M.P., establecer as tarifas para a prestación do servizo.

Por proposta da Xerencia da Universidade de Santiago de Compostela, á vista do *Informe de tarifas aplicables para a prestación do servizo de limpeza de edificios e locais da Universidade de Santiago de Compostela pola Fundación Universidade de Santiago de Compostela M.P.*, remitido polo xerente da Fundación USC M.P. e no uso das competencias previstas nos Estatutos da USC en materia económica e orzamentaria, o Consello de Goberno, na súa sesión de 23 de xullo de 2021, co obxecto de propoñer ao Consello Social a súa aprobación de conformidade coa Disposición adicional segunda do Regulamento de xestión orzamentaria da Universidade de Santiago de Compostela, aprobado polo Consello de Goberno o 29 de decembro de 2020, e ratificado polo Consello Social o 22 de xaneiro de 2021,

ACORDA:

Primeiro. *Tarifas*

Aprobar a proposta de tarifas aplicables para a prestación do servizo de limpeza de edificios e locais da Universidade de Santiago de Compostela pola Fundación Universidade de Santiago de Compostela M.P. nos termos establecidos no *Informe de tarifas aplicables para a prestación do servizo de limpeza de edificios e locais da Universidade de Santiago de Compostela pola Fundación Universidade de Santiago de Compostela M.P.* que se anexa a este acordo.

Segundo. *Vixencia e actualización*

As tarifas entrarán en vigor no momento da súa aprobación e serán obxecto de revisión con carácter anual, ou de maneira extraordinaria, cando concorran circunstancias de variabilidade de prezos de mercado ou de cambios substanciais que así o aconsellen, con arranxo ao mesmo procedemento seguido para a súa aprobación.

*Anexo. Informe de tarifas aplicables para a prestación do servizo de limpeza de edificios e locais da Universidade de Santiago de Compostela pola Fundación Universidade de Santiago de Compostela M.P.*

**INFORME DE TARIFAS APLICABLES PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE  
LIMPEZA DE EDIFICIOS E LOCAIS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE  
COMPOSTELA POLA FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE  
COMPOSTELA M.P.**

Servizos prestados na súa condición de medio propio personificado da Universidade de Santiago de Compostela.

**Exercicio 2021**

## 1. MARCO XURÍDICO

A Fundación Universidade de Santiago de Compostela M.P. (en diante, Fundación), constituída o 9 de novembro de 2007, é unha organización privada de natureza fundacional que carece de ánimo de lucro e que a súa dotación fundacional atópase íntegramente participada pola Universidade de Santiago de Compostela (en diante, USC) e ten como finalidade de interese xeral colaborar na promoción e desenvolvemento dos fins propios da USC, contribuíndo a exercer con eficacia e eficiencia as funcións que a institución ten asignadas.

A Fundación, polos seus Estatutos ten como fins fundacionais entre outros:

Prestar os servizos de carácter complementario ou instrumental que sexan necesarios para que a Universidade realice as súas funcións básicas e que non supoñan o exercicio de autoridade.

Colaborar coa Universidade no desenvolvemento e xestión daquelas actividades que contribúan a unha mellor asistencia á comunidade universitaria.

A Fundación, polos seus Estatutos ten como actividades fundacionais entre outros:

Xestionar, prestar, organizar e realizar actividades e servizos instrumentais da Universidade de Santiago de Compostela.

Conforme ao establecido no artigo 32 da LCSP, a Fundación constitúe medio propio personificado da USC, segundo consta expresamente no artigo 3 dos seus Estatutos, polo que quedarán excluídos do ámbito de aplicación de ditas leis os encargos que a Fundación reciba da USC e que sexan de execución obrigatoria. Para estes efectos, as relacións da Fundación co poder adjudicador, do que é medio propio personificado, ten natureza instrumental e non contractual, articulándose a través dos encargos previstos no citado artigo 32 da LCSP.

As actuacións executadas pola USC a través do seu medio propio personificado materialízanse mediante encargos de xestión, cuxa natureza xurídica é distinta á propia dun contrato administrativo, quedando excluídos polo tanto do ámbito da aplicación da LCSP.

A Fundación cumpre cos requisitos contemplados no artigo 32 da LCSP.

As tarifas deberán asegurará entidade pública encomendante a eficacia e eficiencia na execución do encargo, é dicir, unha mellor execución da prestación, de forma que a atribución ao medio propio implique un valor engadido, susceptible de apreciación ou avaliación cuantitativa e/ou cualitativa. Este valor engadido pode derivar dun especial coñecemento da contorna universitaria ou dunha mellor organización para a execución da prestación, circunstancias estas que poden determinar unha maior eficiencia e eficacia na realización da prestación encargada. Por iso, a xustificación da eficacia e eficiencia na tramitación dun encargo pode responder a varias circunstancias, como o aforro económico, a mellor execución da prestación, a flexibilidade na organización do traballo, a dispoñibilidade ou por razóns de urxencia, entre outras.

## 2. TARIFAS DA FUNDACIÓN USE PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E LOCAIS DA USE.

### 2.1. Proceso de elaboración das tarifas

Para a elaboración das tarifas utilizouse como base o estudo técnico e económico de "*Análise e diagnóstico do servizo de limpeza nos centros dependentes da USC e avaliación económica*" encargado á empresa especializada no sector Into Consulting, entregado en marzo de 2020 co fin de dar solución á situación xerada como consecuencia da licitación realizada no ano 2018 que quedou deserta. Así mesmo, empregouse o "*Estudo dos custos do servizo de limpeza nos centros dependentes da Universidade de Santiago de Compostela (campus de Santiago e Lugo) no período 2022*" que figura como anexo a este informe.

Os estudos realizados abarcan os edificios e locais da USC situados nos Campus de Santiago de Compostela e Lugo utilizando unha división funcional dos edificios e sobre a base das súas diferentes tipoloxías e necesidade de limpeza.

Tamén é necesario ter en conta o tipo de servizo a prestar, que consiste en preparar os espazos nos que se desenvolven diferentes actividades e mantelos en correcto estado de decoro e hixiene.

### 2.2. Estrutura xeral, criterios e procedemento de cálculo da tarifa

O procedemento de cálculo das tarifas baséase no estudo dos custos previstos, utilizando como base de cálculo os datos do histórico de custo do servizo e a dimensión do servizo a prestar, tendo en conta a diferente tipoloxía de edificios e as súas necesidades de limpeza segundo a seguinte división:

- USO DOCENTE NON CIENTÍFICO. FACULTADES
- USO DOCENTE CIENTÍFICO/ TECNOLÓXICO. FACULTADES DE CIENCIAS E E.T.S.
- CENTROS ASIMILABLES A CLÍNICOS
- USO RESIDENCIAL
- BIBLIOTECAS CENTRAIS INDEPENDENTES
- EDIFICIOS ADMINISTRATIVOS DE REPRESENTACIÓN
- EDIFICIOS ADMINISTRATIVOS XERAIS
- INSTALACIÓNS DEPORTIVAS
- OUTRAS

Esta tipoloxía está recollida no informe "*Análise e diagnóstico do servizo de limpeza nos centros dependentes da USE e avaliación económica*" elaborado pala empresa especializada no sector Into Consulting mencionado con anterioridade, e no "*Estudo dos custos do servizo de limpeza nos centros dependentes da Universidade de Santiago de Compostela (campus de Santiago e Lugo) no período 2022*" que figura como anexo a este informe.

As tarifas calcularanse e aplicaranse por unidades de execución, de maneira que representen os custos reais e totais da realización, tanto directos como xerais de estrutura. Para determinar o custo da actuación calcularase o correspondente a súa realización material.

Desta forma, as presentes tarifas obtéñense a partir do cálculo dos custos e o sistema de reparto da como resultado un custo que se traslada a prezo/hora e horas asignadas estimadas para a prestación do servizo, dando así cobertura ao sistema esixido polo artigo 32 da LCSP.

Nos conceptos de análise e proxección de custos inclúese, entre outros, os seguintes:

- Xornada semanal
- Estrutura salarial
- Cotizacións á Seguridade Social e método de aplicación do 50% do pagamento delegado do absentismo.
- Bonificacións de cotas á Seguridade Social do 2%
- O cadro de persoal dispoñible que debe asumir a Fundación, en virtude da obriga de subrogación prevista nos convenios colectivos provinciais do sector.
- A revisión salarial prevista, do 2%
- A porcentaxe de absentismo do 11%.
- A cantidade destinada á subcontratación por especialistas das limpeza de cristais en altura.
- A cantidade e tipoloxía dos equipos destinados a inversións.
- Custo da antigüidade do persoal.
- Gustos de investimento e financiamento do investimento
- A porcentaxe de custo de produtos de limpeza, outros materiais e útiles e consumibles en relación coa man de obra, establecendo as seguintes porcentaxes de aplicación:
  - Para os produtos de limpeza: 2,4% sobre os custos totais de persoal
  - Para a compra de materiais, utensilios, etc. 2,28% sobre os custos totais de man de obra.
  - Para a compra de consumibles, papel, xabón de mans etc. 2,4% sobre os custos totais de man de obra.
- Estímase unha porcentaxe de gastos xerais ou estrutura que se sitúa no 9% sobre a totalidade dos custos.

### 2.3. Estrutura de custos

#### Custos (explotación) directos do servizo a prestar:

- a) Compras
  - a. Compras de material de limpeza
  - b. Compras de outros aprovisionamentos
  - c. Traballos de terceiros
  - d. Compras de outros aprovisionamentos.
- b) Servizos externos

- a. Arrendamentos e canons
  - i. Aluguer de vehículos
- b. Reparación e conservación
  - i. Reparación e conservacións de material
  - ii. Limpezas específicas
- c. Servicios profesionais externos
  - i. Xestoría
  - ii. Auditoría e control.
  - iii. Asesoría
- d. Primas de seguros
  - i. Responsabilidade Civil
  - ii. Seguro de accidentes colectivos
  - iii. Seguro convenio colectivo
  - iv. Outros
- e. Servicios bancarios e similares
- f. Subministracións
  - i. Telefonía
  - ii. Internet e ADSL
  - iii. Material funxible e consumibles
- g. Gastos de persoal
  - i. Soldas e salarios
  - ii. Seguridade social a cargo da entidade
- h. Outros gastos de xestión
- i. Gastos financeiros
- j. Amortizacións

En virtude dos convenios colectivos aplicables nas provincias de A Coruña e Lugo a subrogación do persoal é aplicable no suposto da asunción do servizo por parte da Fundación. Por este motivo, os gastos de persoal veñen determinados polos Acordes sobre condicións económicas e sociais dos traballadores do servizo de limpeza dos Campus de Santiago e Lugo da Universidade de Santiago de Compostela asinados entre os traballadores e as empresas adxudicatarias con datas 21 de febreiro de 2018 e 2 de xuño de 2010 para os Campus de Lugo e Santiago respectivamente.

**Gastos xerais de estrutura:**

- a) Gustos de persoal indirecto
  - a. Saldos e salarios
  - b. Seguridade social a cargo da entidade
- b) Servizo de Prevención de Riscos Laborais

Os gastos xerais de estrutura inclúen custos imputables á estrutura da entidade necesaria para executar os cometidos encargados. Neste concepto inclúense os custos derivados da estrutura de apoio ás actuacións que a entidade leva a cabo. Inclúe todos os gastos non incluídos como custos directos ou de explotación.

Aplicarase unha porcentaxe do 9% sobre os custos de explotación (non se aplica a gastos financeiros por inversión nin a amortizacións) para compensar os gastos de xestión que asumirá a Fundación na execución dos traballos a realizar e que de acordo, co establecido no artigo 50.3. da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia, establece unha porcentaxe que podería ser como máximo dun 10%. A determinación da porcentaxe responde, segundo o informe de Into Consulting, a que a Fundación non pode distribuir os custos da xestión da limpeza entre diferentes contratos, como si ocorre en empresas privadas do sector da limpeza.

#### 2.4. Cálculo das tarifas

Como referencia para a determinación das tarifas emprégase a Orde do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas HAP/2075/2014, do 6 de novembro, pola que se establecen os criterios de cálculo do custo efectivo dos servizos prestados polas entidades locais.

Así, podemos distinguir entre custos directos e custos indirectos:

a) Custos directos:

- Gastos de persoal
- Gasto corrente en bens e servizos
- Gasto derivado de amortización de investimentos
- Operacións de arrendamento financeiro, de ser o caso.
- Gasto en transferencias correntes e de capital (non aplicable neste caso)
- Outros gastos financeiros

b) Custos indirectos:

Gastos da administración xeral imputados proporcionalmente.

Os datos empregados para obter a tarifa de prezo hora serán os seguintes:

- (1) Horas efectivas de traballo anuais
- (2) Custos directos de explotación (IVE excluído)
- (3) Custos xerais de estrutura (9% sobre custos directos)
- (4) Investimentos e amortizacións

Para a realización do cálculo das tarifas sobre o importe do prezo por hora tébase como base de cálculo a proxección da anualidade correspondente a 2022, por ser o primeiro exercicio completo no que a Fundación prestará o servizo. Sobre esta base determínanse os custos de explotación (directos) e os custos de estrutura cos seguintes importes:

Exercicio 2022	
Horas efectivas de traballo	344.158,35
Custos directos de explotación(IVE excluído)	6.568.392,69
Custos xerais estrutura (9% sobre custos directos)	591.155,35
Inversións e amortizacións	161.228,00
Custo oor hora (IVE non incluído)	21,27

Para determinar o prezo por hora final cómpre engadir a estimación de IVE naqueles custos directos sometidos a este tributo. Do custo por hora sinalado na táboa anterior, un 83% pertence a custos de masa salarial (non suxeitos a IVE) e un 17% responde a custos de explotación sobre os que é preciso aplicar unha porcentaxe estimativa de IVE que se determina no 15%, tendo en conta a regra de prorrata aplicable.

**O custo final resultante é de 21,81 euros/hora.**

### 3. Aplicación, vixencia e revisión da tarifa

As tarifas serán obxecto de revisión con carácter anual, ou de maneira extraordinaria, cando concorran circunstancias de variabilidade de prezos de mercado ou de cambios substanciais na estrutura de custos da Fundación que así o aconsellen, por medio do Padroado e con arranxo ao mesmo procedemento seguido para a súa aprobación.

En Santiago de Compostela a 19 de xullo de 2021.



FUNDACIÓN use M.P.

Asdo. áscar Hermida Otero

ESTUDIO DE LOS COSTES DEL SERVICIO DE  
LIMPIEZA EN LOS CENTROS DEPENDIENTES DE  
LA UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE  
COMPOSTELA (CAMPUS DE SANTIAGO Y  
LUGO) EN EL AÑO 2022



A handwritten signature in blue ink, enclosed in a thin black rectangular border. The signature is cursive and appears to read 'Juan Pablo Guerrero'.

Juan Pablo Guerrero

ESTUDIO DE LOS COSTES DEL SERVICIO DE  
LIMPIEZA EN LOS CENTROS DEPENDIENTES DE  
LA UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE  
COMPOSTELA (CAMPUS DE SANTIAGO Y  
LUGO) DURANTE EL AÑO 2022.

19 DE JULIO 2021



<b>1</b>	<b>INTRODUCCIÓN</b> .....	<b>4</b>
<b>2</b>	<b>DESCRIPCIÓN GENERAL DEL SERVICIO A PRESTAR</b> .....	<b>4</b>
<b>3</b>	<b>EL ÁMBITO TERRITORIAL DE AMPLIACIÓN</b> .....	<b>4</b>
3.1	TIPOLOGÍA DE LOS DIFERENTES EDIFICIOS Y LOCALES .....	4
<b>4</b>	<b>ESTUDIO DE COSTES</b> .....	<b>5</b>
4.1	VARIABLES A CONSIDERAR.....	5
4.2	COSTES AÑO 2022 CAMPUS DE SANTIAGO .....	6
4.3	COSTES AÑO 2022 CAMPUS DE LUGO .....	8
4.4	PAGOS DE LA USC A LA FUNDACIÓN .....	10
4.4.1	CAMPUS DE SANTIAGO.....	11
4.4.2	CAMPUS DE LUGO.....	11
4.4.3	TOTAL USC .....	11
	Ó4	

## 1 INTRODUCCIÓN

La Universidad de Santiago de Compostela es una de las instituciones universitarias de mayor tradición en Europa. Fundada en 1.495, es hoy en día un referente cultural y social de la sociedad gallega.

Para el desarrollo de su actividad principal se encuentra obligada a prestar una serie de servicios técnicamente esenciales entre los que **la limpieza de sus dependencias** ocupa un papel primordial.

## 2 DESCRIPCIÓN GENERAL DEL SERVICIO A PRESTAR

El servicio consiste en preparar los espacios en los que se desarrollarán las diferentes actividades y mantenerlos en un correcto estado de decoro e higiene.

Una división más concreta podría ser la siguiente

- Limpieza de oficinas y locales
- Limpieza convencional

El caso que nos ocupa se encuentra encuadrado en la **limpieza convencional**, con ligeros matices próximos a la limpieza sanitaria en facultades como medicina, odontología o veterinaria, pero sin llegar a los mecanismos protocolizados de una limpieza sanitaria.

## 3 EL ÁMBITO TERRITORIAL DE AMPLIACIÓN

El presente estudio se realiza para los edificios y locales de la USC ubicados en los Campus de Santiago de Compostela y Lugo

### 3.1 TIPOLOGÍA DE LOS DIFERENTES EDIFICIOS Y LOCALES

Se traslada una división funcional de los edificios sobre la base de sus diferentes tipologías y necesidades de limpieza.

La división elegida será la siguiente:

- USO DOCENTE NO CIENTÍFICO. FACULTADES
- USO DOCENTE CIENTÍFICO / TECNOLÓGICO. FACULTADES DE CIENCIAS Y E.T.S.
- CENTROS ASIMILABLES A CLÍNICOS
- USO RESIDENCIAL
- BIBLIOTECAS CENTRALES INDEPENDIENTES
- EDIFICIOS ADMINISTRATIVOS DE REPRESENTACIÓN

- EDIFICIOS ADMINISTRATIVOS GENERALES
- INSTALACIONES DEPORTIVAS
- OTRAS

## 4 ESTUDIO DE COSTES

### 4.1 VARIABLES A CONSIDERAR

En los conceptos de análisis y proyección de los costes tenemos:

- Jornada semanal
- Estructura salarial
- Cotizaciones a la SS
- Método de aplicación del 50% por el pago delegado del absentismo. Cuestión también discutible y que requiere un alto grado de dedicación y de negociación con S.S. y Mutuas.
- Se considera el mismo porcentaje de bonificaciones de cuotas a la Seguridad Social del 2%
- La plantilla disponible
- El porcentaje de absentismo del 11%.
- La cantidad destinada a la subcontratación por especialistas de las limpiezas de cristales en altura.
- La cantidad y tipología de los equipos destinados a inversiones.
- Coste de la antigüedad del personal.
- Costes de inversión y financiación de la inversión
- El porcentaje de coste de productos de limpieza, otros materiales y útiles y consumibles en relación con la mano de obra. Estableciéndose los siguientes porcentajes de aplicación:
  - ✓ Para los productos de limpieza: 2,4% sobre los costes totales de personal
  - ✓ Para la compra de materiales, utensilios, etc. 2,28% sobre los costes totales de mano de obra.
  - ✓ Para la compra de consumibles, papel, toallitas, jabón de manos etc. 2,4% sobre los costes totales de mano de obra.
- Se estima un porcentaje de gastos generales o estructura que se sitúa en el 9% sobre la totalidad de los costes directos de explotación (sin amortización ni financiación)

## 4.2 COSTES AÑO 2022 CAMPUS DE SANTIAGO

En el siguiente cuadro se identifican los costes previstos para el año 2022 con las variables indicadas en el epígrafe anterior para el campus de Santiago.

### ESTRUTURA DOS CUSTOS

	2022
<b>COSTES</b>	<b>5.631.980,84</b>
	<b>2022</b>
<b>600 COMPRAS</b>	<b>261.444,89</b>
Compras de material de limpieza 2,4% s. m.o.	122.279,43
Compras de otros aprov. inc. Vest guantes etc. 2,28% s.m.o.	116.165,46
Trabajos de terceros subcontratación.	23.000,00
Otras compras	0,00
<b>602 Compras de otros aprovisionamientos</b>	<b>122.929,43</b>
Compra de material de oficina	650,00
Compra material consumible (papel, jabon, toallitas etc) 2,4%	122.279,43
<b>SERVICIOS EXTERNOS</b>	<b>5.149.126,52</b>
<b>621 Arrendamientos y canones</b>	<b>10.800,00</b>
Canon Ayuntamiento	0,00
Arrendamientos	0,00
Renting 3 vehiculos	10.800,00
<b>622 Reparaciones y Conservación</b>	<b>41.950,00</b>
Reparaciones y conservación de material	16.950,00
Contrato de mantenimiento preventivo	0,00
Contrato de mantenimiento de climatización	0,00
Contrato de mantenimiento de baja tensión	0,00
Contrato de mantenimiento de ascensor	0,00
Contrato de mantenimiento de extintores	0,00
Contrato de mantenimiento de alarmas	0,00
Contrato de análisis microbiológicos	0,00
Contrato de prevención de legionella	0,00
Contrato de DDD	0,00
Limpiezas específicas (Cristales)	25.000,00
	0
<b>623 Servicios profesionales externos</b>	<b>0,00</b>
Gestoría	0,00
Auditoria y control del contrato (1,0% canon)	0,00
Aplicación gastos de estructura 4%	0,00
Mantenimiento informático	0,00
<b>624 Transportes</b>	<b>0,00</b>

<b>625 Primas de seguros</b>	<b>121,80</b>
Responsabilidad Civil	0,00
Seguro de Accidentes Colectivos	0,00
Seguro complementarios	0,00
Seguro de Convenio Colectivo	121,80
Seguro Colectivos Pliego	0,00
<b>626 Servicios bancarios y similares</b>	<b>0,00</b>
Comisión emisión de recibos	0,00
Comisión recibos devueltos	0,00
<b>627 Plublicidad propaganda y RRRPP</b>	<b>0,00</b>
Gastos publicitarios y campañas	0,00
Gastos de publicaciones internas y boletines intranet	0,00
Gastos de representación	0,00
<b>628 Suministros</b>	<b>1.278,48</b>
Teléfono	913,20
Internet y ADSL	365,28
Suministro de productos químicos	0,00
Material fungible. Utensilios y consumibles	0,00
<b>629 Otros Servicios</b>	<b>0,00</b>
Otros servicios a comunidad	0,00
Comunicaciones	0,00
Actividades sociales y eventos	0,00
<b>631 Impuestos</b>	<b>0,00</b>
IBI	0,00
IAE	0,00
Tasa de Recogida	0,00
Tasa de Tratamiento	0,00
Tasa de Saneamiento	0,00
Otros Tributos	0,00
<b>64 Gastos de Personal</b>	<b>5.094.976,24</b>
Sueldos y salarios	3.357.589,34
Seguridad social a cargo de la empresa	1.737.386,90
<b>Otros Gastos de Gestión</b>	<b>0,00</b>
Perdidas por incobrables	0,00
Otras pérdidas de gestión	0,00
<b>GASTO FINANCIERO</b>	<b>17.000,00</b>
Ingresos y Gastos Extraordinarios	
Gastos Financieros	
Gastos Financieros Días Deuda	17.000,00
Gastos Financieros Refinan.	

Gastos Financieros Inversión	
Ingresos Financieros	
<b>DOTACION DE AMORTIZACION</b>	<b>81.480,00</b>
Amortización inmovilizado material	81.480,00

El **coste** total del servicio en el Campus de Santiago ascendería para al año 2022

	<b>2022</b>
<b>COSTES</b>	<b>5.631.980,84</b>

#### 4.3 COSTES AÑO 2022 CAMPUS DE LUGO

En el siguiente cuadro se identifican los costes previstos para el año 2022 con las variables indicadas en el epígrafe anterior para el campus de Santiago

##### ESTRUTURA DOS CUSTOS

	<b>2022</b>
<b>COSTES</b>	<b>1.097.639,85</b>
	<b>2022</b>
<b>600 COMPRAS</b>	<b>49.134,96</b>
Compras de material de limpieza	22.376,90
Compras de otros aprovisionamientos (inclúe. Uniformes.).	21.258,06
Trabajos de terceros subcontratación.	5.500,00
Otras compras	0,00
<b>602 Compras de otros aprovisionamientos</b>	<b>23.026,90</b>
Compra de material de oficina	650,00
Compra de material consumible.	22.376,90
<b>SERVICIOS EXTERNOS</b>	<b>962.729,99</b>
<b>621 Arrendamientos y canones</b>	<b>4.320,00</b>
Canon Ayuntamiento	0,00
Arrendamientos	0,00
Renting 1 vehiculos	4.320,00
<b>622 Reparaciones y Conservación</b>	<b>24.712,00</b>
Reparaciones y conservación de material	14.712,00

Contrato de mantenimiento preventivo	0,00
Contrato de mantenimiento de climatización	0,00
Contrato de mantenimiento de baja tensión	0,00
Contrato de mantenimiento de ascensor	0,00
Contrato de mantenimiento de extintores	0,00
Contrato de mantenimiento de alarmas	0,00
Contrato de análisis microbiológicos	0,00
Contrato de prevención de legionella	0,00
Contrato de DDD	0,00
Limpiezas específicas (Cristales)	10.000,00
	0
<b>623 Servicios profesionales externos</b>	<b>0,00</b>
Gestoría	0,00
Auditoría y control del contrato (1,0% canon)	0,00
Aplicación gastos de estructura 4%	0,00
Mantenimiento informático	0,00
<b>624 Transportes</b>	<b>0,00</b>
<b>625 Primas de seguros</b>	<b>121,80</b>
Responsabilidad Civil	0,00
Seguro de Accidentes Colectivos	0,00
Seguro complementarios	0,00
Seguro de Convenio Colectivo	121,80
Seguro Colectivos Pliego	0,00
<b>626 Servicios bancarios y similares</b>	<b>0,00</b>
Comisión emisión de recibos	0,00
Comisión recibos devueltos	0,00
<b>627 Publicidad propaganda y RRRPP</b>	<b>0,00</b>
Gastos publicitarios y campañas	0,00
Gastos de publicaciones internas y boletines intranet	0,00
Gastos de representación	0,00
<b>628 Suministros</b>	<b>1.205,28</b>
Teléfono	840,00
Internet y ADSL	365,28
Suministro de productos químicos	0,00
Material fungible. Utensilios y consumibles	0,00
<b>629 Otros Servicios</b>	<b>0,00</b>
Otros servicios a comunidad	0,00
Comunicaciones	0,00
Actividades sociales y eventos	0,00
<b>631 Impuestos</b>	<b>0,00</b>
IBI	0,00

IAE	0,00
Tasa de Recogida	0,00
Tasa de Tratamiento	0,00
Tasa de Saneamiento	0,00
Otros Tributos	0,00
<b>64 Gastos de Personal</b>	<b>932.370,91</b>
Sueldos y salarios	614.432,43
Seguridad social a cargo de la empresa	317.938,48
<b>Otros Gastos de Gestión</b>	<b>0,00</b>
Perdidas por incobrables	0,00
Otras pérdidas de gestión	0,00
<b>GASTO FINANCIERO</b>	<b>3.900,00</b>
Ingresos y Gastos Extraordinarios	
Gastos Financieros	
Gastos Financieros Días Deuda	3.900,00
Gastos Financieros Refinan.	
Gastos Financieros Inversión	
Ingresos Financieros	
<b>DOTACION DE AMORTIZACION</b>	<b>58.848,00</b>
Amortización inmovilizado material	58.848,00

El coste total del servicio para la USC para el Campus de Lugo ascendería para el año 2022 a la siguiente cantidad:

	<b>2022</b>
<b>COSTES</b>	<b>1.097.639,85</b>

#### **4.4 PAGOS DE LA USC A LA FUNDACIÓN**

Considerando los gastos generales de estructura y gestión previstos del **9%** el pago de la USC a la fundación sería el correspondiente a una teórica cuenta de resultados proyectada con beneficio industrial 0. El porcentaje del 9% se aplica únicamente a los costes directos y no a la amortización y financiación

#### 4.4.1 CAMPUS DE SANTIAGO

	Año 2022
	12 meses
<b>PAGO USC A FUNDACIÓN</b>	<b>6.129.995,91</b>

#### 4.4.2 CAMPUS DE LUGO

	Año 2022
	12 meses
<b>PAGO USC A FUNDACIÓN</b>	<b>1.190.780,12</b>

#### 4.4.3 TOTAL USC

	Año 2022
	12 meses
<b>PAGO USC A FUNDACIÓN</b>	<b>7.320.776,03</b>

Se consideran las siguientes inversiones iniciales con una amortización a cinco años y un tipo de interés del 4,81%

Campus de Santiago:

UNIDADES DE DESTINO DEL BIEN	Precio Unitario	Uds	Importe a Financiar
<b>OFICINA</b>			<b>327.600,00</b>
Barredora de viales	60.000,00	1,00	60.000,00
Fregadoras de conductor a pie	5.400,00	7,00	37.800,00
Sistemas autónomos	36.000,00	2,00	72.000,00
vehiculos electricos	14.400,00	2,00	28.800,00

Aspiradores	3.000,00	15,00	45.000,00
Sistemas espezificos sanitarios	42.000,00	2,00	84.000,00
Webcam y control de accesos	0,00	0,00	0,00
Impresora multifunción	0,00	0,00	0,00
Teléfonos	0,00	0,00	0,00
<b>MEDIOS MATERIALES DE COMUNICACIÓN E INFORMACIÓN</b>			<b>78.000,00</b>
Tablets y pda para control de calidad	240,00	100,00	24.000,00
Aplicación de seguimiento y control	54.000,00	1,00	54.000,00
Otros equipos	0,00	0,00	0,00
Otros materiales	0,00	0,00	0,00
<b>OTROS GASTOS DE ESTABLECIMIENTO</b>			<b>1.800,00</b>
Mejora general de la infraestructura	0,00	0,00	0,00
Otras adecuaciones iniciales anuncios, permisos etc.	1.800,00	1,00	1.800,00
<b>INVERSIÓN TOTAL NECESARIA</b>			<b>407.400,00</b>

#### Campus de Lugo

UNIDADES DE DESTINO DEL BIEN	Precio unitario	Uds	Importe a Financiar
<b>OFICINA</b>			<b>237.000,00</b>
Barredora de viales	60.000,00	1,00	60.000,00
Fregadoras de conductor a pie	5.400,00	3,00	16.200,00
Sistemas autónomos	36.000,00	2,00	72.000,00
vehiculos electricos	14.400,00	2,00	28.800,00
Aspiradores	3.000,00	6,00	18.000,00
Sistemas especificos sanitarios	42.000,00	1,00	42.000,00
Webcam y control de accesos	0,00	0,00	0,00
Impresora multifunción	0,00	0,00	0,00
Teléfonos	0,00	0,00	0,00
<b>MEDIOS MATERIALES DE COMUNICACIÓN E INFORMACIÓN</b>			<b>55.440,00</b>
Tablets y pda para control de calidad	240,00	6,00	1.440,00
Aplicación de seguimiento y control	54.000,00	1,00	54.000,00
Otros equipos	0,00	0,00	0,00
Otros materiales	0,00	0,00	0,00
<b>OTROS GASTOS DE ESTABLECIMIENTO</b>			<b>1.800,00</b>
Mejora general de la infraestructura	0,00	0,00	0,00
Otras adecuaciones iniciales anuncios, permisos etc.	1.800,00	1,00	1.800,00
<b>INVERSIÓN TOTAL NECESARIA</b>			<b>294.240,00</b>

En Santiago de Compostela a 19 de julio de 2021



Juan Pablo Guerrero

Into Consulting S.L.



## Sinaturas dixitais / Firmas digitais / Digital signatures

**Asinante/Firmante/Signer:** ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 28/07/2021 10:21:50.

**Asinante/Firmante/Signer:** DULCE MARIA GARCIA MELLA, SECRETARIA XERAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 27/07/2021 13:05:25.

**CSV:** 0DFC-A416-4F1F-95B4